

O STEG denuncia que, ademais da perda directa dos nosos salarios, estamos a sufrir outras perdas diferidas (pensións) e indirectas (p. ex. MUFACE).

Neste último caso, para o ano 2013, o goberno fai que algúns programas dos que disfrutabamos como cidadás e cidadáns se recorten e outros, directamente, se suspendan.

Moitos destes programas inciden especialmente nas persoas maiores, persoas que son as máis necesitadas destas axudas sociais debido á súa menor dispoñibilidade económica e ao seu maior índice de doenzas, mesmo crónicas.

Os recortes que se fan efectivos este ano 2013:

SUBSIDIOS QUE SE RECORTAN

- **Subsidio por Defunción:** O módulo multiplicador do subsidio por defunción pasa a ser de 93,91€, cando o ano anterior era de 187,82 euros. O mínimo agora é de 751,28 euros; o ano anterior era de 1.502,53 euros.
- **Subsidio de Xubilación:** MUFACE paga **a metade** dunha mensualidade ordinaria das retribucións básicas cando o ano anterior pagaba **dúas** mensualidades das retribucións básicas.

AXUDAS QUE SE SUSPENDEN

- **Para a dependencia e a atención social a maiores:**
 - Programa de axudas adicionais aos servizos e prestacións económicas do SAAD (Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia) que comprende as seguintes modalidades:
 - ✓ Axudas para o servizo de atención residencial
 - ✓ Axudas para o servizo de centro de día e de noite
 - ✓ Axudas para o servizo de tele asistencia domiciliaria
 - ✓ Axudas para axuda a domicilio
 - ✓ Axudas para a contratación de asistencia persoal
 - ✓ Axudas para coidados no entorno familiar
 - Programa de renovación de axudas das mesmas modalidades concedidas no 2012 e anos anteriores
 - Axudas de podoloxía básica para maiores
 - Axudas de termalismo social para maiores
- **Prestacións Sociais:**
 - Programa de becas de estudo para mutualistas para o curso 13-14
 - Axudas para a adquisición de vivenda